

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE NOVEMBRO DE 2008, CON CARÁCTER ORDINARIOSRES. ASISTENTES:

Presidente: D. ODON C. COBAS GARCIA
Concelleiros D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D. ELOY JOSÉ IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS
D. CAMILO PEREIRAS CARAMÉS
D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
D. MANUEL COSTA CARNEIRO
D^a: MARGARITA DEvesa CARDELLE
D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
D^a: M^a. JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
D. JOSÉ ALVELA EDREIRA
D^a. XOSEFINA ROSA GUITIÁN LEMA

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e trinta e cinco minutos do día vinte de novembro de dous mil oito, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ó comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA**1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (16/10/2008)**

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaseis de outubro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes


2º.- Acordo, se procede, sobre do POS 2009

Dáse conta da circular remitida pola Excm. Deputación Provincial para a elaboración do Plan de Obras e Servizos 2009.

De acordo coa mesma, propónse:

1º.- Aprobación do *Plan de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal 2009* no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no POS 2009, integrado polas seguintes obras e de acordo co financiamento que se indica:

DENOMINACIÓN DA OBRA	ESTADO + DEPUTACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO
----------------------	---------------------	----------	-----------



<i>Afirmado e acond. pistas en Castro, Francés, Sete e Afós</i>	65.866,5	3.466,7	69.333,2
<i>Afirmado e acond. de pistas en Corbeixe, Merín, Trobe e Vedra</i>	45.700,16	2.405,3	48.105,46
<i>Senda peonil e ampliación de acceso á igrexa de San Miguel de Sarandón</i>	81.056,7	18.865,25	99.921,95
TOTAIS	192.623,36	24.737,25	217.360,61

2º.-Aprobar os proxectos das obras incluídas na anualidade 2009 e que se relacionan no punto anterior.

3.- Declarar que o concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución das obras, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2009 os fondos necesarios para facer frente á achega municipal das obras incluídas na anualidade do 2009

5.- Solicitalle á Excma. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste concello da contratación e execución das obras incluídas no plan, que se entenderá aceptada si esta se produce efectivamente.

6.- Facultar expresamente ó Sr. Alcalde -Presidente para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta


3º.- Acordo, se procede, sobre recuperación de ben municipal sito en Sobredo -Vilanova

Dáse conta do expediente relativo á recuperación en vía administrativa do ben de dominio público inscrito no Inventario Municipal de Bens (Epígrafe 1º. Grupo 3. Vías Públicas, co número de orde 480), sito no lugar de Sobredo, da parroquia de San Pedro de Vilanova

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que estudiado o expediente completo non entende porque nunha pista onde está afectado todo o dominio público se trae ó pleno só o expediente que afecta a un só particular, polo tanto que ou ben se decida na Xunta de Goberno ó ser da súa competencia ou ben se traia ó pleno o expediente de todos os veciños que están invadindo o dominio público ó longo da pista.

O Sr. Alvela de TEGA di que se ratifica no exposto na comisión informativa e que se deberían contemplar conxuntamente todos os infractores na citada pista, polo tanto votará en contra

O Sr. Martínez do PP coincide co exposto polos demais grupos da oposición e di que se decida en Xunta de Goberno ó ser da súa competencia. Ademais e en función do inapropiado do informe técnico sobre das alegacións presentadas polo Sr. Cabo, solicita que se lle dea un novo prazo ó interesado para que aporte os periciais contradictorios que estime oportuno e que se amplie o expediente a todo o tramo da pista de Sobredo.



A Presidencia di que en función do exposto polos grupos da oposición que se retira o asunto da orde do día e que se estudie pola Xunta de Goberno, solicitándolle ó Sr. Secretario informe sobre da legalidade do expediente, contestando este afirmativamente en canto se cumpriron adecuadamente todos os trámites

4º.- Acordo, se procede, sobre adhesión ó Convenio Marco suscrito entre a Administración General do Estado e a Xunta de Galicia para a implantación dunha rede de espazos comúns á atención á cidadanía no ámbito territorial de Galicia

O 17 de abril de 2007 formalizouse o Convenio Marco entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia, publicado no BOE do 5 de xullo de 2007 (número 160) e no Diario Oficial de Galicia de 6 de xullo de 2007 (num. 131), que ten por obxecto acordar a colaboración entre a Administración Xeral do Estado e a Xunta de Galicia para o desenvolvemento das actuacións precisas para establecer progresivamente unha rede de espazos comúns de atención á cidadanía que permita a prestación de servizos integrados de información, orientación, atención e tramitación sobre determinados aspectos da actividade administrativa coordinando para tal fin o exercicio das competencias das Administracións que interveñen, entendendo por tales as asinantes deste convenio e as entidades locais que se adhiran ó mesmo

Pola presidencia propónse adherirse expresamente a todas e cada unha das cláusulas do citado Convenio Marco, asumindo as obrigas derivadas do mesmo e con suxeición a todas as súas cláusulas.

Dona Xosefina R. Guitián do BNG di que está de acordo co espírito do convenio pero que se debería facer un estudo do custo para as arcas municipais de cara a reclamar na Fegamp ou nas administracións pertinentes máis recursos para as administracións locais e de cara á avaliación no 1º ano de funcionamento de cal foi o custo engadido deste servizo para o concello.

O Sr. Alvela de Tega di estar a favor do convenio

O Sr. Martínez do PP di que está a favor dado que é un servizo que lle facilita ós cidadáns o cumprimento de moitas das súas obrigas.


Posta a votación a citada proposta, incluíndo a do BNG, apróbase por unanimidade dos asistentes

5º.- Acordo, se procede, sobre moción do BNG con motivo do Día internacional contra a violencia de xénero

Dáse conta da moción do BNG na que con motivo da celebración o vindeiro 25 de novembro do Día internacional contra a violencia de xénero, propónse a adopción polo pleno do seguinte acordo

"Mellorar a efectividade das accións contra a violencia de xénero a través da creación de protocolos locais e /ou comarcais que incorporen os recursos sanitarios, sociais, educativos e de seguridade, e que teñen como finalidade axilizar o acceso á atención e ós recursos para as mulleres que padecen violencia machista."

Dona Xosefina R. Guitián do BNG solicita disculpas pola falta de concreción da moción presentada de cara a tomar algún acordo efectivo con motivo do día in-



ternacional contra o maltrato. Por iso e de cara a facer algo dende o concello e non converter esa data nun mero día recordatorio, propón engadir na moción

"Concretamente no Concello de Vedra levarase a cabo un esforzo informativo por medio de boletín, páxina web, ...etc para informar as mulleres de que en situacións de maltrato poden solicitar axuda nos propios servizos sociais do concello, dende onde se lles dará toda a información necesaria en canto a recursos sociais, sanitarios, xurídicos, de seguridade e educativos que precise"

O Sr. Alvela de Tega di estar de acordo coa moción e co engadido á mesma, ó mesmo co Sr. Martínez do PP.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada moción co engadido

6º.- Acordo, se procede, sobre directrices do uso do pavillón municipal

Dáse conta da proposta de directrices de utilización do pavillón municipal coas achegas dos grupos municipais

Dona Xosefina R. Guitián do BNG agradece as achegas dos grupos que enriqueceron as directrices e que se tiveran en conta as propias do BNG

Pola súa parte o Sr. Alvela de Tega expón que o BNG xunto co Grupo de Goberno foron os que achegaron á maioría das bases, que o seu grupo achegou menos, e que agora hai que intentar que se cumpran na medida do posible e que con todo iso se favorezca a práctica do deporte e se dean facilidades.

O Sr. Martínez do PP di que tamén agradece que se tiveran en conta as achegas do seu grupo, no tocante a horarios e orde de prioridade no caso de conflitos, e que ó tratarse dun tema no que se debatiu, acordou e que cada un achegou a súa experiencia saíron unhas bases que van a perdurar no tempo e que non só se favorece o deporte senón que se evitan futuros conflitos.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar as citadas directrices


7º.- Acordo, se procede, sobre do Plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008

Apróbase a urxencia por unanimidade dos asistentes

Á vista da comunicación da Deputación provincial sobre da na non cabida da obra de reforma de instalacións de alumbrado no campo de fútbol de San Mamede de Ribadulla no plan de iluminación e outros complementos nos campos de fútbol de herba artificial 2008, ó non estar o citado campo incluído na 1ª fase do plan especial de herba artificial nos campos de fútbol municipais 2006, pola Presidencia, tendo en conta a urxencia do asunto, propónse:

Delegar na Xunta de Goberno, previo estudio na comisión informativa de Urbanismo e Plans, a realización dos trámites para a modificación da citada obra

O Pleno, por unanimidade dos asistentes acorda aprobar a citada proposta



8º.- Contestación ás preguntas formuladas no pleno anterior

--Ás preguntas de dona Xosefina R. Guitián do BNG, a Presidencia contéstalle:

1º.- Sobre de cómo se vai a afrontar o déficit existente no concello se non se elabora un plan de equilibrio financeiro, di que o plan se presentou pero que foi rexeitado, e que dadas as distintas opinións ó respecto se solicitou informe ó servizo xurídico da Deputación. Di tamén, non obstante, que tan e como se pode comprobar nas actas das Xuntas de Goberno que se está a facer un esforzo para aforrar, sobre todo en gastos xerais (materiais, obras coa brigada municipal, mantemento maquinaria municipal, encargándose unha persoa contratada de pequenos arranxos (cambio aceite, coitelas...etc) e que de cara ó orzamento do vindeiro ano que se tratará de conveniar con certa empresa para obter máis ingresos.

2º.- En canto á relación de subvencións outorgadas a entidades culturais no tempo que leva de xestión, sexa por subvención directa, colaboración ou convenio, cédelle a palabra á concelleira de cultura, dona Lucía González Louro, que di que dende a semana seguinte á da pregunta se colgou esa información na páxina web do concello, que está bastante ó día, faltando un par delas por colocar.

3º.- Sobre do convenio con don Modesto Paz Camps, tamén a concelleira de cultura, di que o convenio está asinado e que non se trouxo ó pleno por esquecemento, que se está a tramitar co Sr. Paz comezar a dinamizar o centro cunha mostra monográfica do seu traballo

4º.- Á pregunta sobre do convenio coa E.D. Ribadulla, que non se asinou ó entrar en vigor as bases para a concesión de subvencións neste exercicio

5º.- En canto á pregunta sobre da recollida de lixo, que é practicamente imposible que se mezcle o mesmo ó ser empresas distintas as encargadas da recollida. Quizais o que puido ver algún veciño é o lavado de colectores

--En canto ás preguntas plantexadas por dona Estela Mouriño, en representación de veciños de Xián -Trobe, no pleno do mes de setembro, relativas á problemática xurdida en 12 vivendas situadas en Xián -Trobe, a Presidencia contéstalle que a reunión solicitada terá lugar unha vez se incorpore ó traballo á técnica municipal dona Clara Lema ,de baixa nestes momentos, ó coñecer ela o expediente.

De seguido di que o expediente ten varias solicitudes e concesión de licenzas: segregación parcelas, licenzas para 12 vivendas unifamiliares, cerramento e muro de contención para as parcelas 11 e 12, que está feito, e para as restantes non existe solicitude nin licenza.

Expón que considera conveniente sinalar que existe un escrito de Promociones Vengalicia, S.L no que da conta de que os novos propietarios das parcelas se constituiron en Complexo Inmobiliario Privado (C.I.P) e que a sociedade cedeu ante Augas de Galicia todos os dereitos das instalacións existentes, tanto en abastecemento de auga coma en depuración de verquidos.

Por último procede á lectura integral da constitución do C.I.P, no que se recolle os datos dos novos propietarios das vivendas, parcelas que reserva a promotora, elementos comúns do CIP : pozo de barrena, estación de bombeo (Parcela 1), así como conducións xerais do servizo; fosa séptica depuradora (Parcela 2) así co-

mo conducións xerais do servizo; asignación das cotas correspondentes ó C.I.P, en función da superficie das vivendas, e estatutos do mesmo

9º.- Acordo, se procede, sobre proposta do BNG relativa á bases para a contratación dun /dunha limpador/ora

Declárase a urxencia deste punto con 7 votos a favor do BNG, PP e TEGA e 6 abstencións do PSdeG-PSOE

O Sr. Sánchez do PSdeG-PSOE expón que votan en contra da urxencia deste asunto polos seguintes motivos:

"1.- A resolución xudicial da convocatoria da praza de limpador/a declara que nas bases se incluíron requisitos que son contrarios ao Estatuto Básico do Empregado Público ; en concreto, estableciase que os solicitantes tiñan que estar inscritos como demandantes de emprego e ter cumpridos os 18 anos.

Como se tratou dun erro evidente e sen mala fé, o concello non vai recurrir a resolución e o que se pretende e darlle cumprimento á sentenza xudicial celebrando unha nova convocatoria eliminando, por suposto, eses requisitos contrarios á lei. Como moi ben saben todos os grupos desta corporación, dende hai moito tempo as bases das convocatorias deste concello veñen sendo recurridas sistemáticamente por un sindicato e ata esta última sentenza, a xustiza veulle dando a razón ó concello tamén de xeito sistemático, eso si, a sentenza non dí que o concello houbera obrado de mala fé como si se dixo dalgún recurso dese mesmo sindicato nunha sentenza anterior...,recórdolles un parágrafo desa sentenza: *(“iso unido á mala fe con que actúa a recorrente, (refírese ao Sindicato) xa que por unha parte insta ó concello a que priorice a consolidación do emprego inestable e por outra impugna unha convocatoria na que se alude a esa finalidade sen utilizar ningún sistema de selección excepcional...”*

Na resolución xudicial que estima só parcialmente o recurso, xa que admite só dúas das 6 impugnacións interpostas. Di a sentenza “.... Con estimación parcial del recurso...”, parece lóxico que a subsanación do erro se realice en función da propia resolución como xa lle comunicou ó BNG.

En resumen, entendemos que o que procede e darlle cumprimento á sentenza nos seus propios termos, que é o que propoñemos dende o grupo de goberno.

2.- Con respecto á elaboración dunhas bases xerais para a selección de persoal, que foi o que se aprobou no pleno de marzo en función dunha moción do BNG que recibiu o voto favorable do PP e de TEGA, por certo acordo que na súa parte válida ven a redundar no que xa se está a facer e que no resto vai contra da lei (que as bases as aprrobe unha comisión creada ó efecto, ou que a convocatoria para as prazas da OPE sexán como mínimo de 1 mes), polo tanto son nulas e o seu punto 5º inaplicable na medida en que pode implicar graves prexuízos. Polo tanto non se deberían votar propostas a cegas, só polo feito de ir en contra do grupo de goberno e sen valorar os posibles prexuízos.

En relación o mesmo decir o seguinte:

a) xa se anunciou na comisión informativa de asuntos xerais do pasado martes que estamos elaborando unhas bases xerais que servan para futuras convocatorias que é xustamente o que entendemos que se aprobou no pleno de marzo. En concreto o punto 1 da moción di: “proponse a adopción dos seguintes acordos: 1º.- As bases da convocatoria para cubrir prazas de funcionarios ou persoal laboral, se-

rán aprobadas polo Pleno da Corporación". Entendemos, polo anterior, que se refi-
re a todas as convocatorias e polo tanto, serán bases xerais.

b).- creemos que é un asunto suficientemente importante como para deba-
tilo "de présa e correndo" neste Pleno, polo tanto, propoñemos que se inclúa na
orde do día do pleno de decembro.

c).- Non obstante e dado que os grupos apoiaron a inclusión do punto por
urxencia, decir que nós imos votar en contra da proposta do BNG e imos propoñer
a aprobación das bases que xa temos elaboradas. Imos votar en contra da proposta
de bases presentada polo BNG porque estamos convencidos que conteñen elementos
nulos por ser contrarios á normativa en vigor, como xa se dixo. E ao fío disto, re-
cordarlle ós grupos que todos somos humanos e como humanos nos equivocamos
todos; equivocouse o concello cando elaborou a convocatoria do limpador/a e ago-
ra toca corrixir esta situación, pero tamén estamos convencidos de que se equivo-
caron os outros dous grupos que votaron a favor da proposta do BNG no pleno de
marzo polos motivos xa expostos.

3º.- Non obstante cada concelleiro é responsable individualmente das súas
decisións, e nós non imos participar, como xa non o fixemos en marzo, na adopción
de acordos que nos parecen "papel mollado".

En todo caso eu preguntaríaalles:

-¿están convencidos da urxencia do asunto?, e, en caso de resposta afirma-
tiva,

-¿están seguros de que o que se aproba é axustado á legalidade?...

E para o BNG: ,

-¿sabe a súa voceira que o sindicato recorrente tén impugnado noutras con-
vocatorias o requisito de posuír o certificado de escolaridade?


deixo as preguntas enriba da mesa..

Xa para rematar, coma xa o fixen no Pleno de marzo, quero apelar ó sentido
común dos representantes políticos desta corporación e pedirilles que este asuntos
se traten coa maior prudencia posible; o que non cabe duda que está conseguindo
o sindicato aludido coa impugnación de todas as convocatorias e que o persoal
afectado deste concello, (que na maioría dos supostos cobra un modesto soldo ou
que está con un contratado temporal) se vexa nunha permanente situación de in-
certidume mentres non recae resolución xudicial, (e todos coñecemos a lentitude
xudicial), ou que tamén se consegue e que o persoal que tén que formar parte das
comisións de selección trate de eludir esa responsabilidade.

Pídolle ó BNG e ó resto dos grupos que entre todos busquemos o consenso
para evitar, ou polo menos sacar do debate político, este tema. Seguramente to-
dos estaremos de acordo que xudicialización deste asunto é lamentable en todos os
sentidos".

Dona Xosefina R. Guitián de BNG expón que ela non ten porque valorar sen-
tenzas xudiciais nin denuncias, que é coñecedora de moitas impugnacións pero que
non as valora máis que politicamente

Di tamén que non é certo que fosen rexeitados sistematicamente , porque
iso tamén é un dato que ten, pero que os asuntos xudiciais non ten que debatilos
politicamente. De feito ó que trae ó pleno é unha proposta respecto da anulación
dunha convocatoria; que pode dar unha valoración política dunhas bases que lle
parecen absolutamente pouco transparentes, poucas claras e pouco éticas aínda
que xudicialmente sexan correctas



Que en marzo se acordou aprobar en pleno as bases e que os acordos plenarios son acordos vinculantes e que se hai algo que non se atinxe á lei que existe un servizo xurídico que terá que informar ó respecto.

Di ademais que ela non é representante da CIG e que o que se presenta no pleno son unhas propostas o máis éticas posible e que as presenta por urxencia porque terán que sufrir unha revisión polo servizo xurídico do concello.

O Sr. Alvela de TEGA di que quere coñecer a proposta do grupo de goberno ó respecto e tamén achegar as súas. Considera precipitado aprobar propostas que deban ser revisados polos servizos xurídicos, polo tanto non comprometerá o seu voto favorable ata coñecer as outras propostas.

O Sr. Martínez do PP expón que o BNG presenta unha proposta que debe ser revisada polos servizos xurídicos do concello e que dende logo non se lle pode esixir a unha persoa que non é xurista coñecementos ós respecto

Di tamén que o PP só se pode pronunciar sobre as propostas que coñece, que as do BNG lle parecen correctas, transparentes, adecuadas e como son as únicas que coñece que van apoialas, que deben ser revisadas polos servizos xurídicos e modificar aqueles aspectos que a legalidade esixa.

O Sr. Sánchez intervén de novo e di que na comisión informativa xa dixo que estaban a elaborar unhas bases, que a proposta do BNG contén puntos que vulneran a lei e polo tanto votarán en contra, proponendo retirar do debate as bases e levar a pleno do mes de decembro unhas bases xerais e darlle cumprimento á sentenza xudicial

Xosefina R. Guitián di que o que presenta ó pleno non son unhas bases xerais, senón unhas específicas para a praza de limpador/a anuladas por sentenza.

Posta a votación a proposta de bases do BNG rexístrase un empate de 6 votos a favor do PP e BNG , 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e 1 abstención de TEGA

Dado o empate vótase de novo e rexeitanse as bases co voto de calidade da Presidencia

10.- Debate e propostas de Resolución con respecto ó conflito xenerado en 12 vivendas de Xián -Trobe

Dona Xosefina R Guitián expón que dado que á súa solicitude para que o Sr. Alcalde comparecese en Pleno se lle contestou que non había lugar a tal comparecencia, solicita un punto de debate e propostas de Resolución con respecto ó conflito xenerado en 12 vivendas de Xián -Trobe polo mal funcionamento de saneamento, abastecemento e polo perigo de derrube dos valos de contención.

O Sr. Alvela de TEGA di que é partidario de concretar propostas

O Sr. Martínez do PP di que o seu grupo votará a favor da urxencia

Pola súa parte a Presidencia di que votarán en contra da urxencia en primeiro lugar porque non é urxente e en segundo lugar porque todas as actuacións que fixo o concello foron legais e que se hai algunha pregunta ó respecto, como di o Sr. Alvela, hai que facela no apartado de rogos e preguntas.

Posta a votación a urxencia deste punto rexístranse 6 votos a favor do PP e BNG, 6 votos en contra do PSdeG-PSOE e 1 abstención de TEGA. Nunha segunda votación rexeitase a urxencia co voto de calidade da Presidencia

11º.- Dona Xosefina R. Guitián do BNG en función do disposto no art. 106 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, propón a celebración dun pleno extraordinario para someter a debate a xestión da Xunta de Goberno.

O Sr. Alvela de TEGA di que estas propostas se deberían presentar en forma e coa antelación suficiente para estar todos enterados e non de xeito urxente no pleno, convidando á interesada a presentar polos seus cauces normais este tipo de asuntos e debatilos cando se teñan papeis sobre da mesa.

Dona Xosefina intervén de novo e puntualiza que xa se solicitou por escrito no rexistro municipal a comparecencia do Sr. Alcalde e que se lle contestou en comisión informativa que no había lugar a tal comparecencia, considerando que é unha excusa, por iso utiliza as posibilidades legais.

Rexeitase a urxencia do asunto co voto de calidade da Presidencia, despois de rexistrarse un empate de 6 votos a favor do BNG e PP e 6 votos en contra do PSdeG-PSOE E 1 abstención de TEGA.

12.- Rogos e preguntas

--Dona Xosefina R. Guitián do BNG en relación coas vivendas de Xián -Trobe pregunta:

1.- Repite todas as preguntas formuladas por dona Estela Mouriño no pleno pasado ó entender que non foron repostadas

2.- En función do expediente das vivendas de Xián -Trobe, existen 12 proxectos de vivendas unifamiliares con 12 fosas sépticas e licenzas de primeira ocupación para 8 vivendas, nas que se di que están todos os servizos de saneamento e abastecemento correctos. Ali existe unha depuradora, segundo consta en escrito de Augas de Galicia e segundo se aprecia a simple vista no lugar . Esa depuradora ten licenza de obra?

3.- Onde consta no concello que licenzas hai? Cantos pozos hai para abastecer un conxunto de vivendas?. Ten o concello coñecemento de que nalgún momento se fala de 2 pozos que ó final consta en Augas de Galicia que se iniciou o trámite para 2 pozos e 1 se anulou?. Ten coñecemento o concello de que só hai un pozo porque o outro está precintado?. Teñen licenza os pozos?

4.- Tendo en conta que existe licenza para muros de contención en varias parcelas, non debería o concello requirir á promotora para que subsane os perigos e en todo caso onde non hai licenza de construción para muros de contención non debería velar para que non exista perigo de derrubamento para os viandantes, os propietarios das novas vivendas e os veciños da aldea de abaixo?

5.- Se o concello tivo coñecemento de que houbo verquidos á vía pública non debería tomar medidas para solucionar o tema?. Dende cando ten coñecemento de que hai problemas con esa depuración? Plantexouse nalgún momento algunha solución ou alternativa a que os propietarios solucionen o problema?.

Roga tamén:

1º.- Que o concello vele polos intereses de saúde pública de todos os veciños/as do concello; en concerto do núcleo orixinal de Xián, para que se hai unhas obras con licenzas urbanísticas comprobe que se atinxen á lei, que non hai verqui-

dos e que se repoña a legalidade ó máis axina posible. Que se aperciba a quen corresponda para que se repoña a legalidade ó máis axiña e mentres tanto e como entende que o concello ten algunha responsabilidade subsidiaria por dar licenzas de primeira ocupación para 8 vivendas, que se faga cargo da limpeza da depuradora que non funciona ben para evitar os verquidos.

2.- Que o concello poña o caso en mans dos servizos xurídicos para ver que accións de defensa dos veciños pode levar a cabo o concello para solucionar o tema.

Ademais formula os seguintes rogos e preguntas:

1.- Roga que se inicie expediente de recuperación do dominio público na pista de Sobredo -Vilanova con todos os afectados

2.- Porque existindo tres persoas no departamento de urbanismo hai 2 días que non se atende ó público?

3.- Vaise acometer o arranxo das gábias na pista de acceso ó campo da festa de San Miguel de Sarandón no lugar de A Pedreira que se destrozaron coas primeiras choivas.

4.- Porque non se arranxou o valo que resultou danado coas obras de ampliación da pista no lugar de A Pedreira? Como é posible que o arranxo dun valo que debería ter realizado o concello, sexa obxecto de denuncia por parte do concello?

O Sr. Alvela de TEGA pregunta:

1.- Se hai dispoñibilidade do solo para a colocación dun repetidor na Gaiosa para o sinal de televisión TDT

2.- Se existen avais da UTE que está a construír a Ponte de Gundián e a vía do AVE, e a súa contía


3.- Se na parte presupostaria lle afecta o paso do AVE por terreos do noso concello e se percibe algunha cantidade en concepto de taxas ou comisións, para a recuperación do Patrimonio Cultural ou outro tipo de obras

4.- Para cando as obras aprobadas dos vestiarios do campo de fútbol de San Mamede

5.- Como lle afecta ós propietarios que no seu día cobraron a expropiación do terreo no desanche da estrada provincial Vedra -San Xián, despois de confirmarse o erro de medición e eses terreos non aparecen actualmente afectados. Polo contrario os propietarios afectados pola corrección na nova medición da expropiación de terreos non foron indemnizados, pero si presionados para cortar árbores ou derribar cerramentos

Asi mesmo formula os seguintes rogos:

Que, os veciños de Xián -Trobe, afectados nas súas vivendas polas deficiencias no saneamento entre outras, sexa o concello o que sufrague os gastos e proceda ó vaciado do seu sistema de recollida de augas residuais, ó tempo que se lle exixa á promotora o arranxo destas deficiencias da actual depuradora colectiva, por ser de máxima necesidades. En canto ó muro de contención da parte de atrás das chalets, en convenio coa promotora, se proceda no máis corto espazo de tempo posible a refacelo de novo pola inseguridade que representa.



--Don Carlos Martínez do PP expón que con respecto ó tema das vivendas de Xián -Trobe e para non ser repetitivo súmase ós rogos e preguntas plantexados por dona Estela Mouriño e polos grupos da oposición: BNG e TEGA. Ademais pregunta

1º.- Coñece o concello o proxecto de parcelación que aparece no principio do expediente, porque nel faise referencia a un anexo, onde debería constar a fosa séptica - depuradora, e ese anexo non está?. Sabe onde está?

2º.- Coñece o concello que en data 29/11/06 a promotora Vengalicia entrega un escrito no concello, por rexistro, coa copia do que á súa vez lle remitiu a Augas de Galicia, dese proxecto de depuradora, polo tanto entendo que o expediente é oficial dende novembro de 2006?

3º.- Coñece o informe dos servizos técnicos deste concello de data 1/12/07 onde, outras cousas, en relación co muro especifica que o muro de contención atópase en mal estado nalgúns puntos, polo que se debe reconstruír ou reforzar para evitar que poida caer?

4º.- Se coñece o concello, dado que pola Alcaldía se fai referencia a un documento de data 28/06/07 de constitución de Complexo Inmobiliario Privado, que ese documento está impugnado por varias persoas por falsificación de sinaturas?

5º.- Se coñece que hai un informe final dos servizos técnicos de marzo de 2008 onde se di que as obras axústanse as condicións das licenzas concedidas?

6º.- Se coñece cal é a responsabilidade do concello por outorgar licenzas de primeira ocupación sen axustarse realmente os proxectos que constan no expediente, en temas tan graves coma é a depuración de augas residuais?

Tamén presenta os seguintes rogos e preguntas:

1º.- En relación o arranxo da estrada a Touro e Arzúa o seu paso polo núcleo urbano ¿aproveitouse ou estase a aproveitar dita obra para introducir ou millorar nese tramo os servizos e canalizacións que deben discorrer polo mesmo, ben agora ou ben no futuro, facendo ou deixando previstos os mesmos como poden ser auga, pluviais, alcantarillado, rede eléctrica ou telefonía, etc?

De non ser así, rogamos que se exixan á administración que está a facer a obra, ou en último caso e dentro das súas posibilidades se acometan polo concello

2º.- Hoxe, 20 de novembro, celébrase en todo o mundo o I Día universal da infancia, así como o XVII aniversario da convención sobre os dereitos do neno, aprobada en 1989.

Ratificada por 192 países, a convención sobre os dereitos dos nenos supuxo un fito, pois dende a súa aprobación a infancia é considerada, non como obxecto de protección, senón como suxeito de pleno dereito.


Desgraciadamente séguense violando diariamente os dereitos de millóns de nenos e nenas en todos os países do mundo, e son moitos os retos que quedan hoxe en día e que se reflicten nestas cifras:

-1 de cada 4 nenos e nenas vive en condicións de extrema pobreza, en familias con ingresos menores a 1 euro diario

-1 de cada 12 nenos e nenas morre antes de cumprir os 5 anos

-Máis de 120 millóns de nenos e nenas en idade escolar non asisten á escola, na súa maioría nenas

-Cada minuto, un neno ou unha nena morre por unha enfermidade vinculada á SIDA



-300.000 nenos e nenas estóns ervindo a gobernos ou forzas rebeldes como soldados

-Máis de 1,8 millóns de nenos e, sobre todom nenas, están sometidos á explotación sexual

Asimesmo a convención sobre dos dereitos do neno segue sendo un documento insuficientemente coñecido e os dereitos que recolle aínda distan moito, como acabamos de ver, e converterse en realidade

Días como o de hoxe serven para recordar que os dereitos da infancia están ratificados pero non garantizados

Que menos que recordar todo isto nun Pleno da Corporación Municipal de Vedra, que neste caso se celebra o mesmo día, e aproveitar a ocasión para rogar que dende o departamento ou departamentos que correspondan deste concello, se leve a cabo a iniciativa ou iniciativas que consideren oportunas para poñer en coñecemento dos cidadáns de Vedra os dereitos dos nenos recollidos na convención mencionada

13º.-- Rogos e preguntas veciñais

A Presidencia, ó abeiro do disposto no artigo 23 do Regulamento de Participación veciñal, aprobado definitivamente e publicado no BOP num. 68/08, do 25 de marzo do ano que andamos, establece un turno de rogos e preguntas co público asistente á sesión

--Intervén dona Estela Mouriño en representación de veciños de Xián - Trobe, para darlle ás grazas ós grupos da oposición e formula os seguintes rogos:

1º.- O Sr . Alcalde ou Grupo de Goberno ou a quen lle corresponda que se controle o seu expediente porque lle consta que cada vez que algúen o mira hai cousas distintas, poñéndose a disposición dos interesados para facilitarlle a documentación oportuna.

Di que nunca actuaron de mala fe, senón que só buscaban o apoio do Sr. Alcalde

2º.- Dado que Vengalicia vai proceder á pegada de pedra no muro, que o concello poña a súa disposición ó arquitecto municipal, dado que queren saber se é correcto o arranxo do citado muro

3º.- A confirmación de que se é certo que existe un informe ó que fai referencia o PP, requirindo á promotora Vengalicia a fin de que procedese á rehabilitación do muro por existir perigo de derrubamento. De ser así porque non se foi supervisar se estaba feita esa rehabilitación?

4º.- Dado que Vengalicia vai proceder ó arranxo da depuradora que o concello contacte con Augas de Galicia para que lle envíe un técnico para supervisar as obras que se van a facer cas que os veciños non están de todo seguro que vaian funcionar.

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e vinte e cinco minutos.

